

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES BRIÓN
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LATÍN
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa endistintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades e restos arqueolóxicos
Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	Define indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas d expansión.
Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando polasúa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
Distinguir e identificar cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais.	Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos, en relación co termo de orixe.
Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.

Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partendo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan
Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
Identificar e distinguir os formantes das palabras.	Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
Distinguir e clasificar tipos de palabras.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas.
Comprender o concepto de declinación de conxugación.	Define o concepto de declinación e conxugación.
Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	Enunciar correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícalos segundo a súa categoría e a súa declinación. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplica correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
Coñecer Nas conxugacións sabe encadrar os verbos dentro da súa conxugación e enuncialos conxugalos correctamente a partir	Identifica as conxugacións verbais latinas . Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos

do seu enunciado.	verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
Recoñece os temas verbais.	Identifica o tema de presente nas distintas conxugacións latinas Identifica o tema de perfecto nas distintas conxugacións latinas
Recoñece o presente de indicativo da voz activa	Identifica os elementos que constitúen a estrutura do presente indicativo nas distintas conxugacións. Traduce as formas verbais latinas en presente de indicativo da voz activa.
Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración
Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde

	practica o seu uso.
Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
Distinguir as oracións simples das compostas.	Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias de oracións simples.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Recollida dos exercicios propostos . Observación do plantexamento, resolución de erros , problemas e dúbidas
	Instrumentos: Fichas de traballo (en soporte dixital e papel) con actividades de repaso e reforzo dos contidos impartidos ata que deixa de haber clases presenciais.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Como se trata dunha materia acumulativa, hai avaliación continua de xeito que unha avaliación se recupera coa superación positiva da seguinte. No terceiro trimestre se terá en conta para a cualificación a entrega dos traballos solicitados . O alumnado coa 1ª e 2ª avaliación superada , poderá incrementar a súa nota na avaliación ordinaria se entrega un 70% das actividades encomendadas no terceiro trimestre e se ditas actividades reciben unha cualificación positiva pois cada unha delas é corrixida e culificada ao ser entregadas. O alumnado que rematada a 2ª avaliación non ten a materia superada, poderá superala se entrega un 80% das actividades encomendadas no 3º trimestre sempre que ditas actividades reciban unha cualificación positiva pois son corrixidas e culaificada ao ser entregadas.
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita que acredite ter acadadas as competencias imprescindibles anteriormente citadas.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non hai alumnado con Latín 4º ESO como materia pendente.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Fichas de exercicios diversos (dixitais ou en papel) para reforzar os contidos da 1ª e 2ª avaliación .
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Traballo a partir de exercicios de tradución , cambio de número e busca de categorías gramaticais a partir do texto , análise sintáctica dos elementos da frase.</p> <p>Solución de dúbidas sobre os contidos da materia :</p> <p>Na propia tarefa a través do desenvolvemento de instrucións que son breves e concisas.</p> <p>No deseño das actividades</p> <p>De xeito colectivo , a través da plataforma dixital mediante avisos e comentario ás diferentes tarefas.</p> <p>De xeito individual , mediante comentarios privados ou correos electrónicos .</p>
Materiais e recursos	<p>Utilización dos recursos que ofrece a plataforma dixital.</p> <p>Soorte en papel para o alumnado que ten problemas de conectividade.</p> <p>Libreta do alumno/a pois o alumnado traballa na libreta e envía foto da tarefa realizada.</p> <p>Imaxes ou documentos que o alumnado sube á plataforma.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A plataforma dixital utilizada na materia .
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.